



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Recursos Humanos

*Anuncio nomeamento tribunal e inicio proceso estabilización categoría Técnico/a de Educación*

##### ANUNCIO

A concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística aprobou con data 06/02/2024 unha resolución que di como segue:

Mediante resolución da concelleira delegada da Area de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística apróbase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos derivados da OEP extraordinaria de estabilización do ano 2021, mediante o sistema de concurso de méritos ((prazas afectadas polas disposicións adicionais 6ª/8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), de distintas categorías entre as que se atopa a que se sinala:

- 1 praza de persoal Técnico de Educación, grupo A, subgrupo A1, Administración especial, escala técnica superior.

Na devandita resolución recóllese no segundo acordo que a composición do tribunal e a data de inicio do procesos selectivos será obxecto de resolución posterior que será publicada no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Area de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística, órgano competente para resolver en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 do 20/12/2023), a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Acordar a composición do tribunal cualificador deste proceso de selección que estará composto pola seguintes persoas:

##### Presidente/a:

Titular: Elena Fernández Rey, profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Ciencias da Educación

Suplente: Adriana Gewerc Barujel, catedrática da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Ciencias da Educación

##### Secretario/a:

Titular: Paula María Vázquez Carrasco, oficial maior do Concello de Ferrol

Suplente: Leopoldo Tomás Moure García, secretario xeral do Concello de Ferrol

##### Vogais:

Titular: Jesús Rodríguez Rodríguez, profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Ciencias da Educación

Suplente: María Belén Caballo Villar, profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Ciencias da Educación

Titular: Efren Pernas Fernández, xefe de Servizo de Urbanismo e Infraestrutura

Suplente: Anabel Corral Corral, xefa de Servizo de Contabilidade e Presuposto

Titular: José Carlos Campos López, xefe Sección RRHH

Suplente: Hortensio David Míguez Fuentes, xefe Servizo RRHH e Emprego

Titular: Iria Buján Vazquez, xefa de Sección de Contratación

Suplente: Luis Ramón Vázquez Parga, viceinterventor

**Segundo.-** Fixar a data de comezo do proceso selectivo que será o **vindeiro día 15 de febreiro ás 10:00** na sala de reunións deste Concello non sendo precisa a asistencia dos/as aspirantes.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 6 de febreiro de 2024

A concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística (resolución da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023, BOP num. 241 de 20/12/2023)

Susana María Sanjurjo Fraga

2024/884